

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA CABALGATA DE REIS MAGOS

Lalín, 18 de xullo de 2016

REUNIDOS:

Dunha banda, D^a. Katia Margaret Procino Toimil, con DNI 52483775-Y, actuando en nome e representación do Concello de Lalín en calidade de Concelleira Delegada de Comercio, Emprego e Réxime Interno, e segundo as facultades que lle foron conferidas expresamente para este acto mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2016.

Doutra banda, Don José Antonio Quintana Fernández, con DNI 76797584-D, en calidade de Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín, con CIF G-36191021, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

EXPOÑEN:


PRIMEIRO: Que o Concello de Lalín, ao abeiro das competencias que lle outorga a normativa vixente, e atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente convenio, dotou a aplicación 338.489.15 do Orzamento municipal para o exercicio en curso, cunha subvención nominativa á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín para a organización da Cabalgata de Reis Magos.

SEGUNDO: Que dita agrupación está a comezar os preparativos para a organización de dita Cabalgata de Reis Magos que se celebrará en Lalín o día 5 de xaneiro de 2017.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: O obxecto do presente Convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín (AVPCL) para



Lalín muncípio



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

a organización e celebración da Cabalgata de Reis Magos que se celebrará o vindeiro día 5 de xaneiro de 2017.

SEGUNDA: As obrigas xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e recollidas nas Bases 25 e 26 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2016.

TERCEIRA: En virtude deste convenio, a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín comprométese a:

- Organizar e desenvolver a Cabalgata de Reis Magos do día 5 de xaneiro de 2017.
- Empregar a totalidade da subvención concedida no desenvolvemento de dita Cabalgata.
- Indicar en toda a documentación, anuncios e publicidade nos medios de comunicación, que o Concello de Lalín participa no financiamento da Cabalgata.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axuda obxecto do presente convenio.

CUARTA. O Concello de Lalín comprométese a:

- Autorizar o uso das rúas e instalacións municipais, que sexan necesarias, nas datas e horas precisas para a organización e celebración da Cabalgata dos Reis Magos.
- Poner a disposición da organización da Cabalgata os servizos de Protección Civil e Policía Local, segundo as dispoñibilidades do Concello.

QUINTA: Para a execución do presente convenio o **Concello de Lalín aporta a cantidade de 6.000 €**, sendo compatible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade.

A totalidade do importe a que ascende a axuda obxecto do presente convenio será obxecto de pagamento, unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local e asinado polas partes, e logo da acreditación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

SEXTA: A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín deberá presentar no Concello de Lalín, no prazo máximo de un mes dende a celebración do evento, a seguinte documentación aos efectos da súa xustificación:



- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.
- Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade, con expresión do seu financiamento.
- Certificado, expedido polo Presidente, relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
- Xustificación do gasto realizado, que se acreditará mediante orixinais ou copias compulsadas de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe subvencionado ou a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade.


Todos os gastos realizados por importe superior a 200 euros deberán acreditarse mediante xustificante bancario de ingreso ou transferencia que acompañará á factura correspondente. Os gastos por importe inferior a 200 € poderán realizarse en metálico, debendo constar na factura a dilixencia de pagado.

SÉTIMA: O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e rematará o día 30 de xaneiro de 2017.

OITAVA: Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes desde o momento do seu pagamentos, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2016 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

NOVENA: As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas por vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso administrativa.

DÉCIMA: O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLO CONCELLO DE LALÍN
A Concelleira Delegada de Comercio,
Emprego e Réxime Interno

Dª. Katia Margaret Procino Toimil

POLA AVPCL
O Presidente,

D. José Antonio Quintana Fernández

L

K

M

O